



**XUNTA DE GOBERNO**

**SESION ORDINARIA DE ONCE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE**

**(ACTA NÚMERO 02)**

**Presidente:**

D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Onega

D<sup>a</sup>. Sonsoles López Izquierdo

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **once de xaneiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez e D. Eduardo Vidal Baamonde.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO E DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día trinta e un de decembro de dous mil dezaeito e da sesión ordinaria celebrada o día catro de xaneiro de dous mil dezanove, que foron distribuídas entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

**2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FUNDENTES PARA O MANTEMENTO DA VIALIDADE INVERNAL NA REDE VIARIA PROVINCIAL DE LUGO. CAMPAÑAS 2018-2019 E 2019-2020.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 9 de xaneiro de 2019, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.



Prego de prescricións técnicas.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento

Informe da Secretaría xeral de data 25 de outubro de 2018.

Fiscalización limitada previa do expediente do día 26 de outubro de 2018.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 26 de outubro de 2018, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación o día 30 de outubro de 2018 do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)).

Informe da Xefa da Unidade de Rexistro Xeral do 19 de novembro de 2018 no que se recolle a data e hora de presentación das plicas por parte das empresas concorrentes.

Minuta da acta da mesa de contratación, reunida en acto público con data 29 de novembro do 2018 para a cualificación da documentación administrativa (sobre “A”) presentada, apertura da oferta económica ( sobre “B”) e proposta de adxudicación.

Resolución de Presidencia de data 12 de decembro de 2018, pola que se procedeu a requirir á empresa IBERICA DE SALES. SA a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa IBERICA DE SALES,SA, atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa efectuado o día 27 de decembro de 2018 (registro de entrada número 34983).

Con data 4 de xaneiro de 2019 efectúase requirimento de subsanación da documentación administrativa, polo prazo de 3 días hábiles.

A empresa IBÉRICA DE SALES,SA, presenta con data 7 de xaneiro de 2019 a documentación solicitada, complementado o 9 de xaneiro de 2019.

#### Consideracións Xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo. Campañas 2018-2019 e 2019-2020.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de subministración, de acordo co artigo 16.3.a) da LCSP que establece que, en todo caso, se considerarán contratos de subministración aqueles en que o empresario se comprometa a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.



O contrato adxudicárase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, conforme aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de consonte coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP (criterios que figuran na cláusula 12 prego de cláusulas administrativas). O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, por la que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, e ademais é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado igual ou superior a 100.000 euros (art. 44.1 da LCSP).

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polo art. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativas e de prezo), reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99 da LCSP no informe do órgano xestor; neste destácase que, por un lado, o feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo, xa que en realidade debe considerarse unha única prestación a adquisición de fundentes e o seu transporte aos diferentes silos. Por outro lado, tampouco podería esta contratación dividirse en función dos silos ou zonas de entrega, xa que existe a necesidade de coordinar por unha mesma empresa e non por varias, a execución das subministracións aos diferentes puntos, en tanto que esta se realiza en función das necesidades ocasionadas pola meteoroloxía, sen estar predeterminada de antemán:

Segundo consta na acta correspondente a sesión da mesa de contratación do 29 de novembro do 2018, nela deuse conta do informe da Xefa da Unidade do Rexistro Xeral data 19 de

novembro de 2018, “Contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo. Campañas 2018-2019 e 2019-2020”, no que consta a empresa presentada á contratación do referido expediente (en resposta a anuncio publicado con data 30 de outubro do 2018 no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo, Xunta de Goberno, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público), e a data de presentación da oferta. A mesa, á vista dese informe, acorda por unanimidade aceptalo na súa integridade e en consecuencia facelo seu.

Tendo en conta que a empresa concorrente presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura do Sobre “A”, co seguinte resultado:

A declaración responsable e anexo presentado pola empresa IBÉRICA DE SALES S.A., axústase en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas, polo que a mesa de contratación acorda, por unanimidade, admitir a proposta presentada e continuar co procedemento.

Seguidamente e desenvolto este primeiro trámite, procedeuse á apertura do SOBRE “B” do licitador concorrente, relativo á proposta económica e criterios suxeitos a fórmulas ou avaliábles automaticamente, sendo estes criterios os recollidos na cláusula décimo segunda do PCAP.

No mesmo acto procedeuse a valoración das ofertas presentadas, cos seguintes parámetros:

CRITERIOS	OFERTA DE IBÉRICA DE SALES S.A.	PUNTUACIÓN
1. Menor prezo ofertado	76 euros sen IVE	0
2. Menor prazo de entrega	48 horas	0
3. Eficiencia no transporte	0%	0
4. Fomento da contratación feminina	7,89%	5
Total		5 puntos

Rematados os cálculos para a obtención das puntuacións totais no expediente, a Mesa de contratación, considerando que a proposta da única empresa concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta de resolución:



Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	IBÉRICA DE SALES S.A.	5 puntos

Requirir á empresa IBÉRICA DE SALES S.A, único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 12 de decembro de 2018, clasificouse ao único licitador presentado e acordouse requirir á empresa IBÉRICA DE SALES S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas

O día 14 de decembro de 2018, materializouse o requirimento á empresa IBÉRICA DE SALES S.A., da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

A empresa IBÉRICA DE SALES S.A., atendeu o requirimento de documentación administrativa efectuado.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, en aplicación do artigo 59 apartados 8 e 12 do

ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011), de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.“

En base ao que vai dito, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa, IBÉRICA DE SALES S.A., , a contratación da subministración de fundentes para o mantemento da vialidade invernal na rede viaria provincial de Lugo. Campañas 2018-2019 e 2019-2020.

**2º.-** A empresa adxudicataria comprométese a subministrar á Deputación de Lugo fundentes para garantir a validez invernal da rede viaria provincial de Lugo por un prazo de dous anos e ata un importe máximo de 121.600,00 €, aos que se engadirán 25.536,00 € (21%) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 147.136,00 €, €, co seguinte detalle por anualidades:

Anualidade	Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe con IVE
2019	60.800 euros	12.768 euros	73.568 euros
2020	60.800 euros	12.768 euros	73.568 euros
TOTAL	121.600 euros	25.536 euros	147.136 euros, IVE incluído

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade 73.568,00 €, nas aplicacións indicadas.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

E coas seguintes condicións:

- Comprométese a subministrar a tonelada de sal gema tipo F-6, subministrada en cisterna ou en camión (incluíndo carga, transporte e descarga dende cisterna ou camión) en destino, por importe de 76 €/Tn., aos que se engadirán 15,96 €/Tn en concepto de IVE, o que ascende a un total de 91,96 €/Tn.





- Comprométese a subministrar a sal nun prazo de 48 horas desde que se acuse a petición.

**3º.-** Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

- Entregar a subministración no prazo ofrecido na súa proposición ou, de non ofertar mellora no prazo de entrega, no prazo máximo de 48 horas, desde que se acuse a petición.

- A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervéñ nesta contratación. A estes efectos, terá a obriga de acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas. A Administración resérvase a facultade de solicitar os TC1 e as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. A comprobación do exposto corresponde ao responsable do contrato asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

- Remitir ao Órgano de Contratación e ao responsable do contrato, no prazo máximo de 10 días contados a partir do seguinte á sinatura da acta de inicio, a cadea de mando da empresa e o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

- Cumprir coas melloras ofrecidas, en canto ao fomento da contratación feminina (porcentaxe de mulleres traballadoras sobre o total do persoal da empresa é de 7,89 %), ao establecerse como criterios de adxudicación na cláusula 12ª do PCAP.

**4º.-** O contrato terá unha duración máxima de vixencia de dous anos, prorrogable por outro, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio.

**5º.-** Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante

(<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es) ), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houberse interposto recurso que leve aparelada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, XUNTO CO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA VALORACIÓN ECONÓMICA E ADAPTACIÓN A PREZOS DE MERCADO DAS PROPOSTAS DE PATROCINIO DEPORTIVO DO CLUB DEPORTIVO LUGO SAD E CLUB BALONCESTO BREOGÁN, SAD, ANUALIDADE 2019.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Visto o Informe Xurídico - Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

(...)

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da valoración económica e adaptación a prezo de mercado, das propostas de patrocinio deportivo de Club Deportivo Lugo SAD e Club Baloncesto Breogán SAD, anualidade 2019.



O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o seu obxecto, prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado, distinto dunha obra ou subministración.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLC, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto simplificado “sumario”, (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención a posibilidade que a estes efectos establece o artigo 159.6 da LCSP para contratos de servizos de valor estimado inferior a 35.000 euros. Nesta licitación o valor estimado do contrato é de 29.866,66€.

En consideración ao indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativo e de prezo) reflíctanse,

debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas, suxeitos a fórmulas matemáticas e con apreciación automática.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada dado o seu importe (Art. 22 LCSP); tampouco é susceptible de recurso especial en materia de contratación, consonte co previsto no Art. 44 da propia LCSP.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP, xustifícase a non división por lotes porque, tal e como se detalla no Informe, emitido a tal efecto, polo centro xestor en relación ás prestacións contractuais, os traballos a executar están estreitamente relacionados, co obxectivo de desenvolver e executar a valoración das contraprestacións ofertadas nas dúas propostas de patrocinio deportivo ; non se deben dividir nin separar para contar cunha avaliación do grao de equivalencia entre as prestacións ofertadas e súa relación cos importes valorados polos proponentes e, no seu caso, da relevancia e impacto do retorno publicitario (...).

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no Informe certificación da intervención xeral, de data 10 de xaneiro do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.22602, por un importe total de 18.069,33 €.

Existe Informe do Servizo de Deportes, no que se recolle que a valoración dos servizos a contratar foi realizada en base aos prezos actuais de mercado.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no Informe do servizo de deportes, que forma parte do expediente.

A duración do contrato será de 1 ano, prorrogables por outro. Establécese un prazo de execución, durante esa anualidade de quince días, a contar desde o día seguinte á sinatura da acta de inicio da prestación do servizo.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.



De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2012); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación da valoración económica e adaptación a prezo de mercado, das propostas de patrocinio deportivo de Club Deportivo Lugo SAD e Club Baloncesto Breogán SAD, anualidade 2019.

**2º.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

**3º.-** Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto simplificado sumario, regulado no artigo 159.6 da LCSP, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)) e demais publicacións obrigatorias.

**4º.-** Aprobar o orzamento de licitación, que ascende a 14.933,33 €, aos que haberá que engadir 3.136,00 € en concepto de IVE, sendo a suma total de 18.069,33 €

Segundo o Informe de Intervención de data 10 de xaneiro de 2019, o contrato financiarase de acordo seguinte detalle:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE
2019	3410.22706	18.069,33

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### **4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.**

**Primeiro.-** *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente ao mantemento da App de lectura de contadores, servizos centrais, dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018, en execución da Resolución da Presidencia de data 10 de xaneiro do 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe de data 10/01/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse a este Servizo de Contratación e Fomento, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan, e respecto da que existe informe emitido pola Intervención Provincial no que consta a existencia de consignación orzamentaria no orzamento xeral do ano 2018:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-18100700	31/03/2018	1.833,15 €	Mantemento da App de lectura de contadores, servizos centrais, dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018.
SUMA			1.833,15 €	

Visto que xunto coa factura consta:

a) A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas o día 03/04/2018 (Nº de entrada 2018/1422) e con dilixencia de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura pola Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación e Facenda.

b) Declaración responsable de data 08/11/2018, asinada polo representante de Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

c) Memoria xustificativa de data 09/04/2018, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitida polo Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

Asemade, incorpórase informe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación de data 27/06/2018, e informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 27/04/2018, no que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Existe consignación orzamentaria, segundo resulta do informe de data 12 de xuño do 2018 da Intervención Provincial incorporado ao atado, indicando expresamente que o gasto que reflicte a factura ten consignación orzamentaria no Orzamento Xeral do ano 2018.

No informe do Servizo de Contratación e Fomento emitido con data 9 de xaneiro do 2019, previo á Resolución da Presidencia do día 10 deste mes, dirimindo a discrepancia, en síntese, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(..)

A Intervención Provincial en data 12 de xuño do 2018, emitiu informe en relación coa seguinte factura:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-18100700	31/03/18	1.833,15 €	9320.216
SUMA			1.833,15 €	

No devandito informe recóllese o seguinte:

“(..)

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Servizo de Recadación e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.





A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no propio exercicio e omitíronse requisitos ou trámites, tanto no relativo á aprobación do gasto como ao procedemento de contratación ao non ter cobertura como contrato menor.

Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.833,15 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en diante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2 c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo os artigos 23 e 138.3 do RD Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación por iniciar a prestación do servizo en datas anteriores ó 9 de marzo de 2018 (do 01/10/17 ao 31/03/18), en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, e base 36.1.2b) de execución do orzamento 2018, polo tanto incumprindo

un requisito esencial os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2018, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno.

Segundo o artigo 217.1 do TRLRFL, cando o órgano ao cal afecte o reparo non este de acordo con este, formulará ao Presidente unha discrepancia, deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio, e corresponderá ó Presidente da entidade local resolvela, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso. De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

O Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, en contestación ó informe de intervención amentado no punto anterior, referente ao recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais, emitiu informe en data 27/06/2018 (referido á factura N° FAV-18100700 de data 31/03/2018, emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.) , no que se argumenta o seguinte, respecto á factura de referencia:

“(..)

Orixe e desenvolvemento. Identificación do contrato de mantemento.

A Deputación Provincial de Lugo adquiriu no seu día á empresa SAGE AYTOS, S.L.U. unha aplicación informática que constitúe na actualidade a base de datos destinada a xestionar as operacións derivadas da operativa de xestión tributaria e recadatoria.

A adaptación ás necesidades provinciais, a cambiante normativa en cada caso aplicable así como a resolución de incidencias no software adquirido fixeron indispensable contratar o seu mantemento.



A proposta orixinaria para a contratación de dito mantemento é de data 23.09.13 e nela estableceuse un prazo de duración de dous anos máis unha prórroga anual ata un máximo de dous anos, é dicir, un 2 + (1+1).

O informe de Intervención Provincial que consta no expediente do Servizo de Xestión Tributaria de data 14.11.13 prevé unha consignación para os dous anos iniciais e as posibles dúas prórrogas anuais por un importe total de 91.403,16; correspondendo unha cantidade igual para cada ano de 22.850,79 euros.

Tendo en conta que o contrato se formaliza con data 15.05.14 e que segundo o antedito ten unha duración principal de dous anos, cunha prórroga executada de dous anos máis, co cal, á finalización do dito contrato foi en maio de 2018.

No ano 2015 contratouse a subministración da app para a lectura de contadores a cal, por propia operativa, está vinculada coa base de datos do Servizo.

A descoordinación da que se fala na memoria xustificativa das facturas posteriores a esta contratación, teñen que ver co mantemento da app de lectura de contadores. O propio concepto de mantemento indicaba a súa inclusión no contrato de mantemento principal da aplicación pero esto era un erro, porque calquera inclusión de prestación non prevista, requiriría unha modificación do contrato principal, de aí a necesidade do procedemento de validación das facturas referidas ao mantemento da lectura de contadores.

O novo contrato de mantemento da aplicación informática Wingt/Wingtreca.

Finalizado o contrato de mantemento en maio de 2018 era necesario contratar novamente a prestación. No contrato resultante é onde se indicaba que esta actuación de mantemento de contadores se incluíría, e así consta no prego de condicións remitido ao Servizo de Contratación e Fomento dentro do contrato principal de mantemento da aplicación informática e que se licitou por un período de dous anos máis outros dous de prórroga e por un importe anual de 25.514,85 € + 5.358,12 € (IVA)= 30.872,97 €.

Sobre todo o que vai dito, é importante polo tanto, sinalar que a descoordinación en canto ao erro de considerar que o mantemento da lectura de contadores se consideraba dentro do antigo contrato de mantemento da aplicación informática Wingtreca/Wingt, é a que motiva a falta de procedemento previo para a tramitación dos contratos que sustentaran estas facturas.

(...).”

A factura emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U. FAV-18100700, correspóndese co servizo de mantemento da App de lectura de contadores, servizos centrais, dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018, con respecto ó que o Servizo de Contratación e Fomento é coñecedor dos seguintes antecedentes administrativos:

A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada en data 17/01/2014, aprobou a contratación dos servizos da aplicación informática de base de datos de xestión tributaria e recadación, aprobando así mesmo, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas de dita licitación, así como o procedemento de adxudicación (negociado sen publicidade).

No prego de prescricións técnicas de dita contratación, asinado en data 08/12/2013 polo Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, recóllese que dito servizo consistirá en:

“ - Soporte ao cliente:

- a) Centralita estándar.
- b) Atención especializada para incidencias.
- c) Servizo de asistencia telefónica.
- d) Resolución de incidencias que incluírán copias de seguridade.

- Actualización de Software:

- a) Actualizacións de produto dispoñible.
- b) Mantemento legal. Consecuencia das disposicións legais de obrigado cumprimento, a empresa desenvolverá as adaptacións pertinentes poñendo a disposición do cliente o resultado final.



- c) Mantemento correctivo como consecuencia de incidencias ou erros no produto que impidan ou afecten ao uso do aplicativo.
- d) Revisión e corrección de inconsistencias nos datos provocadas por un incorrecto funcionamento de calquera dos módulos do produto, ou derivados da migración de datos.”

A adxudicación do contrato de servizos de mantemento da aplicación informática da base de datos de xestión tributaria e recadación, aprobouse por acordo da Xunta de Goberno, reunida en sesión ordinaria en data 02/05/2014, resultando SAGE AYTOS, S.L.U., a entidade adxudicataria, cunha duración de dous anos, a contar dende a formalización do correspondente contrato administrativo, asinado en data 15/05/2014 (EXP002SE14-NSO).

Dito contrato, prorrogouse en dúas ocasións, en ambos casos por Resolución da Presidencia desta Deputación, a primeira delas de data 13/05/2016 (prórroga ata o 14/05/2017) e a segunda, de data 15/05/2017 (prórroga ata o 14/05/2018).

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, de data 06/03/2015, aprobouse a contratación da subministración dunha App para a lectura de contadores de consumo de auga para entidades locais, enmarcado no proxecto Innovate2: Dip. Digital, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, sendo o adxudicatario a entidade Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., por un importe total de 18.724,75 € (Contrato menor EXP2015/000755).

Con data 12/02/2018 (é dicir, con carácter previo ó remate da segunda prórroga do contrato, detallado no punto I anterior), dende o Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, emitíuse Informe-Proposta para a contratación do mantemento da aplicación informática do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, téndose aprobado en data 06/03/2018, por acordo da Xunta de Goberno, dita contratación, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas desta licitación, aprobando así mesmo o procedemento de adxudicación (negociado sen publicidade).

No prego de prescricións técnicas de dita contratación, asinado en data 12/02/2018 polo Xefe da Sección de Informática e polo Xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, recóllese que dito servizo consistirá en:

“- Soporte ao cliente:

- a) Centralita estándar.
- b) Atención especializada para incidencias.
- c) Servizo de asistencia telefónica.
- d) Resolución de incidencias que incluírán copias de seguridade realizadas

semanalmente como mínimo, agás que non existira ningunha modificación.

- Actualización de Software:

- a) Actualizacións de produto dispoñible.
- b) Mantemento legal. Consecuencia das disposicións legais de obrigado cumprimento, a empresa desenvolverá as adaptacións pertinentes poñendo a disposición do cliente o resultado final.
- c) Mantemento correctivo como consecuencia de incidencias ou erros no produto que impidan ou afecten ao uso do aplicativo.
- d) Revisión e corrección de inconsistencias nos datos provocadas por un incorrecto funcionamento de calquera dos módulos do produto, ou derivados da migración de datos.

- App de lectura de contadores: mantemento da app para lectura de contadores de consumo de auga para entidades locais.

A dita app controlará o acceso, identificación, xestión, visualización de contidos e grabacións, búsquedas, e a inclusión de cantas incidencias se teñan na lectura dos mesmos.

(...).”

Por acordo da Xunta de Goberno reunida en sesión celebrada o día 06/07/2018, aprobouse a adxudicación da contratación do servizo de mantemento da aplicación informática do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, a favor da entidade Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., cunha duración máxima de dous anos, contados dende a data da sinatura da acta de inicio da prestación do servizo (ou no seu defecto, dende a data de formalización do contrato en documento



administrativo), podendo ser obxecto de prórroga anual, de ano en ano, sen que a duración total poida superar os catro anos.

A Deputación Provincial de Lugo e Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., formalizaron o contrato administrativo amentado no parágrafo anterior (EXP0011SE18-NSO), en data 06/08/2018, polo que tendo en conta que a súa duración era de dous anos (a contar dende dita formalización), éste atópase en vigor na actualidade.

O Servizo de Contratación e Fomento, emitiu informe en data 27/04/2018 (referente á factura emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., número FAV-18100700, de data 31/03/2018, correspondente ao mantemento da App de lectura de contadores, servizos centrais, dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018), á vez que solicitaba consignación orzamentaria, no que se recolle o seguinte:

“(…)

Analizados os arquivos existentes no servizo, constátase que non existen contratos en vigor que amparen dita factura.

Pola cuantía da factura e o tipo de prestación periódica, non estamos ante un suposto de contrato menor; neste sentido existiron varios contratos menores de mantemento da aplicación informática do Servizo de Recadación de datas 24/02/17 e 28/07/17 que se especifican no seguinte recadro:

(…)

Tendo en conta o exposto, e sendo que a lectura de contadores non se inclúe no actual contrato de mantemento da aplicación informática utilizada polo Servizo de Recadación, entendemos que este gasto en concreto podería estar amparado por un contrato menor, pero dado que o centro xestor opina que debe incluírse dentro do contrato de mantemento, é polo que se sumamos esta factura ao importe do contrato de mantemento estándar de aplicación informática <Sicalwin> expediente CMP2017/000045, supera en cómputo anual o importe do contrato menor.

(…)”

No informe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación de data 27/06/2018, faise alusión a un erro de identificación no informe do Servizo de Contratación e Fomento amentado no punto anterior, polo que se aclara o seguinte:

(...)

Erro de identificación ao referirse ao contrato de mantemento da aplicación informática. Non é Sicalwin, nin NOTIFICA-SXTRI. É WINGT/WINGTRECA.

A aplicación Sicalwin é a aplicación de contabilidade.

A aplicación NOTIFICA-SXTRI é para adaptar a base de datos aos procesos da administración electrónica.

A aplicación WINGTRECA-WINGT é a aplicación principal do Servizo, a base de todas as restantes aplicacións.

(...)”.

Na memoria xustificativa de data 09/04/2018, emitida dende o Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, na que consta a conformidade da Deputada Delegada da Área de Economía, Recadación e Facenda, relacionase o seguinte:

“(..)

Xustificación do incumprimento do procedemento.-

Ayos Soluciones Informáticas foi a empresa subministradora da aplicación informática actualmente usada no Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, e neste senso, é igualmente a actual adjudicataria do contrato de mantemento. O dito contrato licitouse por un período de 2 anos con opción de prórroga anual ata un máximo de outros dous. A última prórroga e que constitúe o último ano de contrato fíxose efectiva en maio deste ano.





O contrato de mantemento é global, é dicir, implica facer as adaptacións correctivas ou adaptativas que por imperativo legal ou polo propio funcionamento do programa leva aparelladas, de xeito que, en principio, todas as novas actuacións incluídas na base de datos posteriormente, é dicir, dende o inicio do contrato ata a data actual, están baixo este concepto de mantemento.

No ano 2015 contratouse unha actuación de lectura de contadores n aliña dos traballos incluídos nesta factura, como complemento dos servizos prestados pola adxudicataria. Unha descoordinación á hora de identificar cales eran os traballos incluídos no actual contrato de mantemento derivou nesta confusión, pois a lectura de contadores non está incluída, senón que se trata dun tema independente, situación que se veu arrastrando.

Por este motivo dende o Servizo de Xestión Tributaria e Recadación iniciáronse os trámites para a nova contratación do mantemento incluído dentro do obxecto do contrato a devandita lectura de contadores e así que a dita actuación sexa integrada dentro da base de datos para futuribles e resulte executada pola mesma empresa que resulte adxudicataria.

Corresponden ó mantemento App lectura de contadores do 01/10/2017 ao 31/03/2018.

(...)

As unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2018, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da partida durante todo o ano en curso.”

No espazo temporal que comprende a factura N° FAV-18100700, de data 31/03/2018, emitida por Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U., é dicir, dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018, co que se corresponde a prestación do servizo de mantemento da app de lectura de contadores, servizos centrais, reparada pola Intervención Provincial en data 12/06/2018, informada polo Servizo de Contratación e Fomento o 27/04/2018, e tamén informada polo Servizo de Xestión

Tributaria e Recadación o día 27/06/2018 e con memoria xustificativa da mesma unidade administrativa de data 09/04/2018, distinguir:

- Entre o 01/10/2017 e o 11/02/2018, non existía ningún contrato en vigor que amparase dita factura, nin tampouco se tiña iniciado ningún novo procedemento de contratación co mesmo obxecto.

- Entre o 12/02/2018 e o 31/03/2018, atopábase en fase de tramitación a contratación do servizo de mantemento da aplicación informática do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación (EXP0011SE18-NSO), xa que o centro xestor emitiu Informe – Proposta para esa nova contratación en data 12/02/2018, téndose aprobado a dita contratación xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como o procedemento de adxudicación con data 06/03/2018, aínda que dita contratación non se adxudicou ata o día 06/07/2018, e o correspondente contrato administrativo non se formalizou ata o día 06/08/2018.

(...)?

Consideracións:

No citado informe deste Servizo de data 09/01/2019 explícanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da licitación do mantemento da aplicación informática do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, de modo que dirimido o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

As demoras producidas na adxudicación destes servizos, por fin ultimadas na actualidade, resultan imputables ás dificultades propias dun procedemento garantista na licitación e na adxudicación.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible para o correcto funcionamento da organización desta Deputación (pois de non realizarse, podería ocorrer que non se estivese traballando dende o centro xestor de xeito acorde á normativa vixente en cada momento, e non se poderían resolver as incidencias xurdidas no uso do software, de xeito que non se podería



desenvolver correctamente o traballo realizado polos funcionarios adscritos ó Servizo de Xestión Tributaria e Recadación), que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe. A necesidade e idoneidade desas prestacións débemola entender inmanente ao expediente contractual previamente existente (contrato menor aprobado por resolución da Presidencia en data 06/03/2015, correspondente á subministración dunha App para a lectura de contadores de consumo de auga para entidades locais. EXP2015/000755), lembrando que os actos administrativos emitidos na tramitación dese expediente contractual gozan da presunción de validez (Artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro) en tanto non mudasen os presupostos da existencia daquelas prestacións contractuais recíprocas. E tamén as licitacións de ditos servizos xa adxudicadas, confirman a necesidade e idoneidade desas prestacións.

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entre os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos nos perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

A factura relacionada neste informe é obxecto de tramitación por analogía, co establecido na Base de Execución Nº 20 do Orzamento desta Deputación para o ano 2018.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial (segundo se expresa no apartado oitavo das consideracións deste informe), unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

No informe 4/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 30/06/2016 chega a salientarse a prevalencia do interese xeral que rexe na contratación pública ata o punto de que o artigo 38 do TRLCSP permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, cando se dean razóns de interese xeral; en efecto o artigo 38.2 do TRLCSP permite que o órgano competente para declarar a nulidade, malia concorrer causas, non a declare e acorde o mantemento dos efectos do contrato se atendendo a circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan. Na actualidade a referencia debe entenderse efectuada ao artigo 42.3 da LCSP.

Na revista “El Consultor de los Ayuntamientos” nº 21/2016, recóllense uns comentarios ó STS de 21 de xaneiro de 2015 (recurso de casación 1371/2015) coas seguintes conclusións atinxentes ao asunto que nos ocupa:

“A infracción, no seu caso, das formalidades administrativas establecidas na lexislación de contratos públicos por parte da Administración contratante, nunca poderían enervar o dereito do contratista ó cobro da cantidade realmente executada, pois admitir o contrario suporía un enriquecemento inxusto da Administración”.

Consciente o poder legislativo das inconveniencias que xorden nas tramitacións administrativas de procedementos de adxudicación de contratos, implementa unha proposta lexislativa de salvagardar as prestacións naqueles supostos en que vencera o contrato anterior sen



ter formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións (...); pode verse o art. 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións efectivas de que se preste o servizo, aínda que se estima necesaria.

A tramitación das fases do gasto, neste intre, axústase ao recollido na Circular de Intervención de peche e apertura do exercicio contable de data 05/11/2018, na que se dí entre outras cousas, o seguinte:

“(…)

Cómpre para o trámite correspondente ao recoñecemento e aprobación das obrigas (facturas, certificacións, contas xustificativas das subvencións, ...), que ditos documentos estean debidamente conformados e aprobados polo órgano competente, ao máis tardar o 31 de decembro, para que queden incluídos no Orzamento 2018, cumprindo así cos citados principios. A estes efectos imputaranse ao exercicio 2018 as resolucións de recoñecemento e aprobación das obrigas datadas ata o 11 do mes de xaneiro seguinte. As aprobadas con posterioridade imputaranse ao exercicio 2019.

(…).”

Aínda que a factura a aprobar non supera o límite do contrato menor, non é susceptible de tramitarse como tal, xa que se trata de prestacións previsibles e con continuidade no tempo, unido a que as prestacións que a factura reflicte se corresponden cun procedemento de licitación en fase de tramitación (EXP0011SE18-NSO) no período comprendido entre o 12/02/2018 e o 31/03/2018 cuxa competencia é a Xunta de Goberno, é o que determina que o Órgano competente sexa a Xunta de Goberno. Así mesmo, no período comprendido entre o 01/10/2017 e o 11/02/2018, non existía ningún contrato en vigor que amparase dita factura.

Por outra banda:

- Na Base Nº 10 “Recoñecemento e liquidación de obrigas” das de Execución do Orzamento para o 2018, recóllese como regra xeral que o recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

- E na Base Nº 11 “Ordenación de Pagamentos”, sinálase que a ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

No caso que nos ocupa, nin o recoñecemento das obrigas nin a ordenación dos pagamentos lle corresponderían ó Presidente, xa que non se realizaron os trámites previos necesarios amentados polas Bases Nº 10 e Nº 11. Polo tanto, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno:

“Correspóndelle á Xunta de Goberno:

- a) A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.
- b) As seguintes atribucións, delegadas do Presidente/a e do Pleno:

(...)

Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

(...).”



A estes efectos debe terse en conta a circular da Secretaría Xeral de data 02/11/2018, na que se di:

“O Pleno da Deputación Provincial en sesión do 30 de outubro de 2018, acordou a conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, polo que se prestou aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de data 26 de xullo de 2018, ao abeiro de canto se establece polo artigo 50 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A conversión do citado acto administrativo, implica que o acordo plenario de 26 de xuño de 2018, polo que se aproba o novo Regulamento Orgánico teña, meramente, natureza xurídica de acordo provisorio aos efectos do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora do Réxime Local.

Como consecuencia de tal conversión, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza de disposición administrativa de carácter xeral, e queda sen valor normativo algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.”

#### Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, xustificado por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura correspondente ao mantemento da App de lectura de contadores, servizos centrais, do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA EMISIÓN	DE IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Aytos. Soluciones Informáticas, S.L.U.	FAV-18100700	31/03/2018	1.833,15 €	Mantemento da App de lectura de contadores, servizos centrais, dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018.
SUMA			1.833,15 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da factura Nº FAV-18100700, de data 31/03/2018, emitida por Aytos. Soluciones informáticas, S.L.U., dun importe total de 1.833,15 €, correspondente ó mantemento da App de lectura de contadores, servizos centrais, do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, no período comprendido dende o 01/10/2017 ata o 31/03/2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.-** *Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo, recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes á subministración de áridos consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías, en diferentes datas, nos meses de outubro, novembro e decembro do ano 2017, en execución da Resolución da Presidencia de data 10 de Xaneiro do 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:





Visto o informe de data 10/01/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladáronse a este Servizo de Contratación e Fomento, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan, e respecto dos que existen informes de datas 03/07/2018 (en relación coas facturas B766, B767, B768, B769, B820, B821, B822, B867 e B907) e 01/08/2018 (en relación coa factura B823) emitidos pola Intervención Provincial nos que consta a existencia de consignación orzamentaria no orzamento xeral do ano 2018:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FATURA	CONCEPTO
Canteira do Penedo, S.A.	B766	15/11/17	166,13 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 15/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B767	15/11/17	1.343,96 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 02/11/2017 ata o día 15/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B768	15/11/17	160,08 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 14/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B769	15/11/17	4.023,73 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 07/11/2017 ata o día 15/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B820	30/11/17	166,01 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 16/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B821	30/11/17	2.178,75 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 20/11/2017 ata o día 30/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.

Canteira do Penedo, S.A.	B822	30/11/17	669,97 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 22/11/2017 ata o día 29/11/2017 consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B867	01/12/17	336,26 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 31/10/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B907	31/12/17	166,13 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 05/12/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B823	30/11/2017	5.154,39 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 16/11/2017 ata o día 29/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
SUMA			14.365,41 €	

Visto que xunto coas facturas constan:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas pola persoa que nesa data era o Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable de data 10/01/2019 asinada polo representante da entidade Canteira do Penedo, S.A., de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e a habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no I.A.E. nunha actividade acorde ás prestacións, así como que as prestacións desenvolvidas están comprendidas dentro dos fins obxecto ou ámbito da súa actividade.

Memoria xustificativa para cada unha das dez facturas relacionadas neste informe, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo responsable do centro xestor (Xefe do Parque Móbil).

Asemade, incorpóranse informes do Parque Móbil, e informes do Servizo de Contratación e Fomento, nos que se inclúe a solicitude de consignación orzamentaria.

Existe consignación orzamentaria, segundo resulta dos informes de data 03/07/2018 (en relación coas facturas B766, B767, B768, B769, B820, B821, B822, B867, B907) e 01/08/2018 (en relación coa factura B823) da Intervención Provincial incorporados ao atado, indicando expresamente que os gastos que reflicten as facturas teñen consignación orzamentaria adecuada e suficiente no Orzamento Xeral do ano 2018.

No informe do Servizo de Contratación e Fomento emitido con data 9 de Xaneiro do 2019, previo á Resolución da Presidencia de data 10/01/2019, dirimindo as discrepancias, en síntese, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

A Intervención Provincial en data 3 de Xullo do 2018, emitiu informe en relación coas seguintes facturas:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Canteira do Penedo, S.A.	B766	15/11/17	166,13 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B767	15/11/17	1.343,96 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B768	15/11/17	160,08 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B769	15/11/17	4.023,73 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B820	30/11/17	166,01 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B821	30/11/17	2.178,75 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B822	30/11/17	669,97 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B867	01/12/17	336,26 €	9201.210
Canteira do Penedo, S.A.	B907	31/12/17	166,13 €	9201.210
SUMA			9.211,02 €	

No devandito informe recóllese o seguinte:

“(…)

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan en cada factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no exercicio 2017, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2018 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 9.211,02 €, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 9.211,02 €.

(...).”

Así mesmo, a Intervención Provincial en data 1 de Agosto do 2018, emitiu informe en relación coa seguinte factura:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Canteira do Penedo, S.A.	B823	30/11/17	5.154,39 €	9201.210
SUMA			5.154,39 €	

No devandito informe recóllese o seguinte:

“(…)



Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1 a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no exercicio 2017, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2018 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 5.154,39 €, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 5.154,39 €.

(...).”

Ademáis, nos dous informes de Intervención amentados nos anteriores puntos primeiro e segundo, tamén se di o seguinte:

“(...).

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en diante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector

Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base N° 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2 c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo os artigos 23 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2018, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, ésta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”



O Xefe do Parque Móbil, en contestación ó informe de intervención citado no punto primeiro anterior, referente ao recoñecemento de obrigas do ano 2017, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais, emitiu informe en datas 16/07/2018 e 07/01/2019 (referido ás facturas N° B766 de data 15/11/2017, N° B767 de data 15/11/2017, N° B768 de data 15/11/2017, N° B769 de data 15/11/2017, N° B820 de data 30/11/2017, N° B821 de data 30/11/2017, N° B822 de data 30/11/2017, N° B867 de data 01/12/2017, e N° B907 de data 31/12/2017 emitidas por Canteira do Penedo, S.A) , argumentando neste último o seguinte, respecto ás facturas de referencia:

“(...) infórmase que non se realizaron os trámites necesarios, debido á urxencia no subministro da pedra para a reparación das vías. Dado que o material subministrado non está incluído no contrato de subministro de áridos, comezaronse os trámites necesarios para un M2 xenérico para “Subministración de pedra 40/70 ou 32/63 para a reparación de vías”, e dada a necesidade urxente non se esperou á aprobación do mesmo (13 de decembro de 2017).

Como xa se informou en diversas ocasións, este tipo de pedra 32/63 ou 40/70, utilízase para o primeiro tratamento de rexeneración en estradas que se atopan en moi mal estado para tapar fochancas e desperfectos, que é o caso das estradas mencionadas no cadro anterior, e que supón, polo tanto perigo para a circulación vial.

A urxencia tamén é debida, ademais do anteriormente exposto, a que neste Servizo do Parque Móbil, existen varios equipos de rego para a reparación de vías, compostos cada un deles por cisterna de emulsión, camión gravillador, retro excavadora e apisonadora, que no caso de esperar polo mencionado material, implicaría parar toda esta maquinaria ademais de todo o persoal incluído en cada equipo, tanto maquinistas como peóns.”

Por outra banda, o Xefe do Parque Móbil en contestación o informe de intervención indicado no punto segundo anterior, referente ao recoñecemento de obrigas do ano 2017, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais, emitiu informe en datas 03/08/2018 e 07/01/2019 (referido á factura N° B823 de data 30/11/2017, emitida por Canteira do Penedo, S.A) , argumentando neste último, respecto á factura de referencia, o mesmo que o recollido no informe indicado no punto cuarto anterior.

As facturas emitidas por Canteiras do Penedo, S.A. N° B766, N° B767, N° B768, N° B769, N° B820, N° B821, N° B822, N° B867, N° B907 E N° B823, correspóndense coa subministración de áridos consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías, en diferentes datas, nos meses de outubro, novembro e decembro do ano 2017, respecto das que o Servizo de Contratación e Fomento é coñecedor dos seguintes antecedentes administrativos:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 03/02/2017, adoptou entre outros, o acordo de aprobar o inicio do expediente de contratación por lotes relativo á subministración de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a rexer en dita licitación, e o procedemento de adxudicación (aberto).

- Lote I: Subministración de áridos para a zona norte da Provincia de Lugo.
- Lote II: Subministración de áridos para a zona centro da Provincia de Lugo.
- Lote III: Subministración de áridos para a zona sur da Provincia de Lugo.

Con data 22/09/2017, tamén por acordo a Xunta de Goberno desta Deputación, reunida en sesión ordinaria, adxudicouse a contratación da subministración de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil desta Excma. Deputación Provincial: Lotes I, II e III, a favor da entidade Canteira do Penedo, S.A., cunha duración dun ano, contado a partir da subscripción do contrato administrativo, podendo ser obxecto de prórroga, sen que a duración total do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de dous anos.

A Deputación Provincial de Lugo e Canteira do Penedo, S.A., formalizaron o contrato administrativo referido no punto anterior, en data 30/10/2017, polo que tendo en conta que a súa duración era de un ano (a contar dende dita formalización), este remataría o día 29/10/2018.

Con data 21/09/2018, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse prorrogar os contratos orixinais para os Lotes I (Zona Norte), II (Zona Centro), e III (Zona Sur), por un período dun





ano, sen modificar as restantes condicións do contrato, dende o 30/10/2018, polo que dita prórroga rematará en data 29/10/2019.

Por Resolución da Presidencia desta Deputación, de data 13/12/2017, aprobouse autorizar un gasto xenérico para a subministración de pedra 40/70 ou 32/63 para a reparación de vías, por un importe total de 10.890,00 €, previa a correspondente proposta de contratación de data 21/11/2017 por parte do Parque Móbil.

O Servizo de Vías e Obras desta Deputación, en data 15/11/2017, emitiu informe no que se relaciona o seguinte: “Con data 9 de novembro remítese oficio do Servizo de Parque Móbil ó Servizo de Vías e Obras, solicitando informe en relación ó contrato de subministración de áridos vixente, onde o material 40/70 non está incluído, mediante escrito de data 13 de novembro.

O último prego de prescricións técnicas para o contrato de subministración de áridos a emplear en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo do que se ten coñecemento neste Servizo, redáctase con data outubro de 2016, a petición do Xefe do Parque Móbil, incluíndo a subministración dos tamaños de áridos solicitados polo mesmo: gravilla AG-T-2/6-¿-L, gravilla AG-T-6/12-¿-Lm, gravilla AG-T-12/20-¿-L e grava AG-T-20/40-¿-L. Por este motivo, non está incluído o tamaño de árido 40/70.

(...).”

O Parque Móbil, emitiu os seguintes informes en relación coas facturas de Canteira do Penedo, S.A. relacionadas neste informe:

- En data 23/02/2018, no que se di: “En relación ao seu escrito no que se solicita informe sobre o subministro de pedra 32/63 ou 40/70, o gasto realizado no ano 2017 foi de (...), así como tamén aclarar que nestos momentos existe un M2 xenérico para subministro de este material por un importe de 10.890,00 € que é o gasto previsto para este ano en curso.

En canto a constatar se está dentro das prestacións do contrato de subministración de áridos, existen xa varios informes deste Servizo así como tamén de Vías e Obras, aclarando que dito material non está incluído no contrato.”

- En data 02/05/2018, no que se di:

“En relación ao subministro de pedra 32/63 ou 40/70, infórmase que este material utilízase para o primeiro tratamento de rexeneración nas estradas que se atopan en moi mal estado, sendo necesario para tapar fochancas e desperfectos da estrada, que utilizando os materiais incluídos no contrato vixente, non se obtería un óptimo resultado, dado a diferenza de tamaño dun material e doutro.

Faise constar que non está incluído no contrato de subministración de aridos, dado que a súa utilización é esporádica e puntual nalgúns casos excepcionais.

Por todo o anteriormente exposto e en relación cas facturas B766, B767, B768, B769, B820, B821, B822, B823, B867 e B907 da empresa Canpesa, hai que engadir que non se poden aplicar ao M2 xenérico dado que debido á necesidade urxente de utilizar o mencionado material, non se esperou á tramitación do xenérico.”

- En data 07/01/2019, no que se di: “En relación ao seu escrito de data 23 de maio de 2018, achegamos detalle das datas no que se solicitou o subministro e nas estradas que se utilizou:

Nº FACTURA	IMPORTE	DATA SUBMINISTRO	ESTRADA
B766	166,13	15/11/17	O Incio (De Laiosa a P. Brollón.)
B767	1.343,96	Do 2 ao 15/11/17	Becerreá (Vilardefrades a Bustelo).
B768	160,08	14/11/17	A Pontenova (Muiñou).
B769	4.023,73	Do 7 ao 15/11/17	Pobra do Brollón (Acceso a Busto).
B820	166,01	16/11/17	O Incio (De Laiosa a P. Brollón).
B821	2.178,75	Do 20 ao 30/11/17	Becerreá (Montaña Agra)
B822	669,97	22, 28 e 29/11/17	A Pontenova (Muiñou)
B823	5.154,39	Do 16 ao 29/11/17	Pobra do Brollón (Acceso a Busto)
B867	336,26	31/10/17	Becerreá (Viladeframes a Bustelo)
B907	166,13	5/12/17	Pol (estrada municipal).

En canto á necesidade urxente, tal e como se informou en data 2 de maio, este tipo de pedra 32/63 ou 40/70, utilízase para o primeiro tratamento de rexeneración de estradas que se atopan en moi mal estado para tapar fochancas e desperfectos, que é o caso das estradas mencionadas no cadro anterior, e que supón, polo tanto perigo para a circulación vial.



A urxencia tamén é debida ademáis do anteriormente exposto, a que neste Servizo de Parque Móbil, existen varios equipos de rego para a reparación de vías, compostos cada un deles por cisterna de emulsión, camión gravillador, retro excavadora e apisonadora, que no caso de esperar polo mencionado material, implicaría parar toda esta maquinaria ademáis de todo o persoal incluído en cada equipo, tanto maquinistas como peóns.

Por último, en relación á necesidade técnica deste tipo de árido, dado a diferenza do tamaño do mesmo, utilízase en casos puntuais para tapar fochancas en estradas que están en moi mal estado, con importantes desperfectos, tal e como é o caso das citadas vías.”

- En data 07/01/2019, no que se di:

“En relación ao seu escrito no que se solicita informe sobre o subministro de pedra 32/63 ou 40/70, o gasto realizado no ano 2017 foi de 19.856,06 euros, así como tamén aclarar que nestos momentos existe un M2 xenérico para subministro de este material por un importe de 10.890,00 € que é o gasto previsto para este ano en curso.

En canto a constatar se está dentro das prestacións do contrato de subministración de áridos, existen xa varios informes deste Servizo así como tamén de Vías e Obras, aclarando que dito material non está incluído no contrato.”

O Servizo de Contratación e Fomento, emitiu dous informes en data 24/04/2018 (un en relación coas facturas N° B867, N° B820, N° B821, N° B822, N° B823 e N° B-907 e o outro en relación coas facturas N° B766, N° B767, N° B768, e N° B769, todas elas emitidas por Canteira do Penedo, S.A., correspondentes á subministración de áridos consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías, en diferentes datas, nos meses de outubro, novembro e decembro do ano 2017), á vez que solicitaba consignación orzamentaria, nos que se recolle o seguinte:

“(…)

Analizados os arquivos existentes no servizo, constátase que non existen contratos en vigor que amporen as devanditas facturas.

Pola cuantía das facturas e o tipo de prestación periódica, non estamos ante un suposto de contrato menor.

A contratación da subministración de áridos está adxudicada por acordo da Xunta de Goberno de data 22.09.2017 á devandita mercantil, formalizándose o contrato administrativo en data 30.10.2017.

Consta informe da unidade xestora na que xustifica a validación das presentes facturas ao tratarse dunha subministración de pedra (32/63 ou 40/70) que non está incluída no vixente contrato de subministración de áridos e informe do Servizo de Vías e Obras de data 15.11.17, no que indican que o mencionado material non está incluído no contrato, acompañando tamén o gasto xenérico aprobado por resolución de data 13.12.17 no que se aproba o tipo de gasto obxecto da validación.

(...)"

Nas dez memorias xustificativas (unha por cada unha das dez facturas emitidas por Canteira do Penedo, S.A. relacionadas neste informe, de data 27/11/2017 para a N° B766, de data 07/01/2019 para a N° B767 e N° B823, de data 24/11/2017 para as N° B768 e B769, de data 19/12/2017 para as N° B820 N° B821 N° B822 e N° B867, de data 14/02/2018 para a N° B907), emitidas dende o Parque Móbil, relacionase o seguinte:

“(...)

Debido a que o contrato de subministro de áridos vixente non inclúe a pedra 32/63 ou 40/70, e que dito material é necesario para a reparación de vías, realizouse un M2 (...), polo que procede a validación da factura.

(...)

A valoración corresponde ás estrictamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.



A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2017 informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da partida durante todo o ano en curso.”

Intervención emitiu un informe para cada unha das dez facturas emitidas por Canteira do Penedo, S.A. relacionadas neste informe, todos eles de data 02/07/2018, nos que se di o seguinte:

“Esta intervención informa que, segundo a Base 4ª de execución do Orzamento de 2018, para a imputación ao crédito do exercicio 2018 da Factura (...) de data (...) de CANTEIRA DO PENEDO, S.A. por importe de (...), existía saldo dispoñible no exercicio de procedencia no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 17/9201.210.”

No espazo temporal que comprenden as prestacións realizadas incluídas nas dez facturas emitidas por Canteira do Penedo, S.A. relacionadas neste informe, é dicir, dende o 31/10/2017 ata o 05/12/2017, co que se corresponde a prestación de subministración de áridos consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías, reparadas pola Intervención Provincial en datas 03/07/2018 e 01/08/2018, informadas polo Servizo de Contratación e Fomento o 24/04/2018, e tamén informadas polo Parque Móbil o día 07/01/2019 e con memorias xustificativas da mesma unidade administrativa (unha para cada unha das dez facturas relacionadas neste informe):

- No tocante ás realizadas no período comprendido entre o 31/10/2017 e o 20/11/2017, atopábase adxudicado e formalizado o contrato administrativo da subministración de áridos a empregar en tratamentos superficiais executados polo Parque Móbil desta Excm. Deputación Provincial: Lotes I (Zona Norte), II (Zona Centro) e III (Zona Sur), aínda que nese contrato non se incluía a subministración de pedra 32/63 ou 40/70 segundo se recolle no informe do Servizo de Vías e Obras de data 15/11/2017 e nos informes do Parque Móbil de datas 23/02/2018 e 07/01/2019, referidos no punto oitavo anterior.

- No tocante ás realizadas no período comprendido entre o 21/11/2017 e o 05/12/2017, atopábase en fase de tramitación o contrato menor xenérico para a subministración de pedra 40/70 ou 32/63 para a reparación de vías (CMP2017/000320), xa que se tiña iniciado a proposta do Parque Móbil de data 21/11/2017, pero non se adxudicou ata o 13/12/2017.

(...)?

#### Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 09/01/2019 explicitanse as distintas circunstancias producidas na tramitación da autorización dun gasto xenérico para a subministración de pedra 40/70 ou 32/63 para a reparación de vías (contrato menor CMP2017/000320), previa proposta do Parque Móbil de data 21/11/2017, de modo que dirimido o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

As demoras producidas na adxudicación desta subministración, por fin ultimadas con data 13/12/2017, resultan imputables ás dificultades propias dun procedemento garantista na adxudicación.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria e imprescindible (Pois de non realizarse, as estradas provinciais atoparíanse en moi mal estado porque estas subministracións son necesarias para o primeiro tratamento de rexeneración das mesmas e implicaría parar toda a maquinaria, ademais de todo o persoal incluído en cada equipo tanto maquinistas como peóns), que ademais se aproveita ou fai uso da mesma, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe.

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entre os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos nos perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración



rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

As dez facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2018.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial (segundo se expresa no apartado oitavo das consideracións deste informe), unha vez salvado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

No informe 4/2016 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 30/06/2016 chega a salientarse a prevalencia do interese xeral que rexe na contratación pública ata o punto de que o artigo 38 do TRLCSP permite o mantemento da vixencia dun contrato nulo, cando se dean razóns de interese xeral; en efecto o artigo 38.2 do TRLCSP permitiu que o órgano competente para declarar a nulidade, malia concorrer causas, non a declare e acorde o mantemento dos efectos do contrato se atendendo a circunstancias excepcionais que concorran, considera que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan. Na actualidade a referencia debe entenderse efectuada ao artigo 42.3 da LCSP.

Na revista “El Consultor de los Ayuntamientos” nº 21/2016, recóllense uns comentarios ó STS de 21 de xaneiro de 2015 (recurso de casación 1371/2015) coas seguintes conclusións atinxentes ao asunto que nos ocupa:

“A infracción, no seu caso, das formalidades administrativas establecidas na lexislación de contratos públicos por parte da Administración contratante, nunca poderían enervar o dereito do contratista ó cobro da cantidade realmente executada, pois admitir o contrario suporía un enriquecemento inxusto da Administración.”

Consciente o poder lexislativo das inconveniencias que xorden nas tramitacións administrativas de procedementos de adxudicación de contratos, implementa unha proposta lexislativa de salvagardar as prestacións naqueles supostos en que vencera o contrato anterior sen ter formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións (...); pode verse o art. 29.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións efectivas de que se preste o servizo, aínda que se estima necesaria.

A tramitación das fases do gasto, neste intre, axústase ao recollido na Circular de Intervención de peche e apertura do exercicio contable de data 05/11/2018, na que se dí entre outras cousas, o seguinte:

“(…)

Cómpre para o trámite correspondente ao recoñecemento e aprobación das obrigas (facturas, certificacións, contas xustificativas das subvencións, ...), que ditos documentos estean debidamente conformados e aprobados polo órgano competente, ao máis tardar o 31 de decembro, para que queden incluídos no Orzamento 2018, cumprindo así cos citados principios. A estes efectos imputaranse ao exercicio 2018 as resolucións de recoñecemento e aprobación das obrigas datadas ata o 11 do mes de xaneiro seguinte. As aprobadas con posterioridade imputaranse ao exercicio 2019.

(…).”





Polo tipo de prestación periódica, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que as facturas reflicten se corresponden con procedementos en fase de adxudicación no tocante ás prestacións contidas nas facturas relacionadas neste informe, realizadas no período comprendido entre o 21/11/2017 e o 05/12/2017, e non existindo procedemento algún no tocante ás prestacións desenvolvidas no período comprendido entre o 31/10/2017 e o 20/11/2017, xa que no contrato (EXP00027SU16-ABO) xa adxudicado e formalizado nese período, non se incluía a subministración de pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías, segundo se recolle no informe do Servizo de Vías e Obras de data 15/11/2017 e nos informes do Parque Móbil de datas 23/02/2018 e 07/01/2019.

Por outra banda:

- Na Base Nº 10 “Recoñecemento e liquidación de obrigas” das de Execución do Orzamento para o 2018, recóllese como regra xeral que o recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado o compromiso de gasto, corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

- E na Base Nº 11 “Ordenación de Pagamentos”, sinálase que a ordenación de pagamentos daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente ou Órgano en quen delegue.

No caso que nos ocupa, nin o recoñecemento das obrigas nin a ordenación dos pagamentos lle corresponderían ó Presidente, xa que non se realizaron os trámites previos necesarios amentados polas Bases Nº 10 e Nº 11. Polo tanto, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno:

“Correspóndelle á Xunta de Goberno:

c) A asistencia ao Presidente/a no exercicio das súas atribucións.

d) As seguintes atribucións, delegadas do Presidente/a e do Pleno:

(...)

Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

(...)

A competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

(...).”

A estes efectos debe terse en conta a circular da Secretaría Xeral de data 02/11/2018, na que se di:

“O Pleno da Deputación Provincial en sesión do 30 de outubro de 2018, acordou a conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018, polo que se prestou aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de data 26 de xullo de 2018, ao abeiro de canto se establece polo artigo 50 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A conversión do citado acto administrativo, implica que o acordo plenario de 26 de xuño de 2018, polo que se aproba o novo Regulamento Orgánico teña, meramente, natureza xurídica de acordo provisorio aos efectos do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora do Réxime Local.

Como consecuencia de tal conversión, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 170 de 26 de xullo de 2018, deixa de ter a natureza de disposición administrativa de carácter xeral, e queda sen valor normativo algún, de tal forma que recupera a súa vixencia, na súa integridade e a todos os efectos, o Regulamento Orgánico publicado no BOP núm. 56 de data 10 de marzo de 2011.”



## Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2017, e xustificados por analoxía, como criterio de interpretación das normas, ós requisitos fixados na Base 20 e concordantes das BEO de aplicación, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas correspondentes á subministración de áridos ó Parque Móbil, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías, en diferentes datas, nos meses de outubro, novembro e decembro do ano 2017:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Canteira do Penedo, S.A.	B766	15/11/17	166,13 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 15/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B767	15/11/17	1.343,96 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 02/11/2017 ata o día 15/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B768	15/11/17	160,08 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 14/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B769	15/11/17	4.023,73 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 07/11/2017 ata o día 15/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B820	30/11/17	166,01 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 16/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.

Canteira do Penedo, S.A.	B821	30/11/17	2.178,75 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 20/11/2017 ata o día 30/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B822	30/11/17	669,97 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 22/11/2017 ata o día 29/11/2017 consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B867	01/12/17	336,26 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 31/10/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B907	31/12/17	166,13 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil o día 05/12/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
Canteira do Penedo, S.A.	B823	30/11/2017	5.154,39 €	Subministración de áridos ó Parque Móbil dende o día 16/11/2017 ata o día 29/11/2017, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías.
SUMA			14.365,41 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das facturas relacionadas (Nº B766 de data 15/11/2017 e un importe total de 166,13 €, Nº B767 de data 15/11/2017 e un importe total de 1.343,96 €, Nº B768 de data 15/11/2017 e un importe total de 160,08€, Nº B769 de data 15/11/2017 e un importe total de 4.023,73 €, Nº B820 de data 30/11/2017 e un importe total de 166,01 €, Nº B821 de data 30/11/2017 e un importe total de 2.178,75 €, Nº B822 de data 30/11/2017 e un importe total de 669,97 €, Nº B867 de data 01/12/2017 e un importe total de 336,26 €, Nº B907 de data 31/12/2017



e un importe total de 166,13 €, e N° B823 de data 30/11/2017 e un importe total de 5.154,39 €; emitidas por CANTEIRA DO PENEDO, S.A., correspondentes a subministración de áridos ó Parque Móbil, consistentes en pedra 32/63 ou 40/70 para a reparación de vías, subministrada en diferentes datas, nos meses de outubro, novembro e decembro do ano 2017”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO PARA CONCORRER Á CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRECTAS PARA FINANCIAR PROXECTOS DE EMPREGO, AUTOEMPREGO E EMPRENDEMENTO DIRIXIDOS A AFRONTAR O RETO DEMOGRÁFICO NOS MUNICIPIOS DE MENOR POBOACIÓN AO AMPARO DO REAL DECRETO 1234/2018 DE 5 DE OUTUBRO DE 2018.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“A recuperación económica está a castigar aos mozos, cuxa presenza no mercado laboral leva camiño de reducirse á metade na década transcorrida dende o inicio da crise, a finais de 2007, pese a ser un dos países que ten mais mozos con formación superior que a media europea, e un dos países que conta con menor taxa de inserción laboral.

A cifra de ocupados de entre 16 e 30 anos caeu nese período de 4,9 a 2,5 millóns, segundo revela a media de trimestres da EPA (Enquisa de Poboación Activa) que acaba de publicar o INE (Instituto Nacional de Estatística), que tamén reflicte como nese mesmo período o número de parados desas idades creceu un 45%, de 728.000 a 1,06 millóns.

Estudios sobre a mocidade afirman que as dificultades que atopan os mozos para a súa inserción no mercado de traballo son a causa da súa tardía emancipación do fogar paterno, o que da lugar a unha especie de “mocidade prolongada”, cuns importantísimos efectos sobre distintas ordes da vida social, como poden ser o atraso na idade ao matrimonio ou ao comezo da vida en parella,

os cambios nas pautas de relación paterno-filiais ou o acusado descenso da natalidade que se converteu nunha das características máis peculiares da sociedade española deste cambio de século.

Sendo isto así, esta etapa configúrase como unha ineludible estación de tránsito entre o final do período de formación, a etapa escolar, e o inicio da súa incorporación á actividade laboral, que inclúe a miúdo unha forma precaria de inserción no mercado de traballo, cando debía de xerar rendemento e produtividade para a sociedade.

O problema da despoboación é una realidade no noso territorio, é mais, cada vez se acentúa con consecuencias irreparables , unido ao éxodo continuo de mozos españois, tal e coma reflexan os últimos datos do INE, crecendo ata un 79% dende 2009 ata 2017, os residentes de menos de 30 anos que viven fora do territorio nacional. Por comunidades autónomas Galicia é a rexión con mais mozos no estranxeiro seguida de Madrid e Cataluña.

Detrás destas cifras, o que en realidade se entrevé, é que aínda que a idea é atopar un emprego e voltar a maior brevidade posible, os mozos ven unha oportunidade que no noso territorio non existe e asentan a súa vida, establecen como o lugar de residencia e forman a súa familia alí onde atopen traballo.

Con data 6 de outubro de 2018 publicase no BOE o R.D 1234/2018, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego para afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación , no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do FSE.

A finalidade destas axudas e incentivar os proxectos que aumenten a empregabilidade e o emprendemento das persoas mozas maiores de 16 anos e menores de 30 non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación independente do seu nivel formativo e que esteen inscritas no ficheiro de garantía xuvenil en concellos que non formen parte dunha gran área urbana, e que teñan saldo gráfico negativo na última década, a través de 2 obxectivos específicos :

Obxectivo específico (OE) 8.2.3



Medidas:

8.2.3.1 Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora.

8.2.3.3 axudas o autoemprego.

8.2.3.4 Medidas para favorecer o autoemprego e o emprendemento colectivo no marco da economía social.

Obxectivo específico (OE) 8.2.4

Medidas:

8.2.4.2 Axudas o emprego para a contratación de mozos durante o período superior a 6 meses.

De acordo o artigo 5 as Deputación Provincias e forais poden ser beneficiarias do programa no exercicio das competencias que correspondan as Deputacións Provinciais, cada proxecto debe circunscribirse a unha única medida das identificadas no no punto anterior.

Á vista das necesidades detectadas nos 55 concellos da provincia que cumpren co requisito quinto, e as obrigas detalladas no artigo 8 en canto os requisitos do proxectos elabóranse 4 memorias que se corresponden con 4 solicitudes xa que cada medida debe ir acompañada do seu proxecto e se contabiliza coma unha solicitude.

MEDIDA	GASTOS FORMACIÓN	AXUDAS	ORZAMENTO TOTAL
8.2.3.1	58.650€	20.178€	78.825€
8.2.3.3		19.869,30€	19.869,30€
8.2.3.4		19.869,30€	19.869,30€
8.2.4.2		76.616,00€	76.616,00€
TOTAL			195.179,60€

A taxa de cofinanciación como máximo será do 91,89€% do total do gasto subvencionable.

No caso concesión de resolución corresponderá á Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial e Función Pública no prazo máximo de 6 meses dende a solicitude, detallando a contía da subvención previstas sobre a base de gastos admitidos, así coma os prazos máximos para a conclusión do proxecto, así coma outras condicións de obrigado cumprimento.

Por todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar a concorrencia de 4 solicitudes- proxectos, o amparo da convocatoria do R.D 1234/2018, do 5 de outubro de 2018, de subvencións directas para financiar proxectos de emprego, autoemprego e emprendimento dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **6.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL E DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN.**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Con data 7 de setembro de 2018, a Xunta de Goberno desta Entidade adopta o acordo de tramitar, ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, as axudas reguladas na Orde do 23 de xullo de 2018, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2018.

Con data 7 de setembro formalízase a devandita solicitude na sede electrónica da Xunta de Galicia. Na mesma solicitábase a subvención para a prórroga na contratación dos catro Axentes de





Emprego e Desenvolvemento Local que prestan servizos nesta Entidade (Enrique Flores Lamas, Vanesa Vilela Gómez, Jesús Francisco Corredoira Ceide e M. Carmen Lage Fernández).

Por outra banda, a medio de resolución de Presidencia, o 30 de novembro de 2018 resolvíase dar continuidade á contratación de Carmen Lage Fernández por un ano máis, condicionadas á concesión da subvención, toda vez que esa prórroga se contempla como subvencionable con efectos retroactivos na Orde reguladora das axudas.

Vista a Resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 12 de decembro de 2018 (con rexistro de entrada na Deputación o 13 de decembro de 2018), pola que se concede a esta Deputación unha subvención nunha contía equivalente ao 34% do importe da subvención solicitada e que ascende a un total de dezaoito mil novecentos vinte e sete con corenta e tres euros (18.927,43€), para a financiación dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos, derivados da prórroga da contratación de un axente de emprego e desenvolvemento local. Na resolución non existe pronunciamento algún sobre a subvención solicitada para a prórroga da contratación dos tres traballadores restantes.

A Resolución determina que o servizo subvencionado deberá iniciarse dentro do ano 2018 e establece que o prazo máximo para a remisión da documentación xustificativa será o 31 de xaneiro de 2019.

Os AEDL que prestan servizos nesta entidade son D<sup>a</sup> Carmen Lage Fernández, que presta servizos, en réxime laboral, mediante contrato de obra ou servizo determinado, que tivo inicio o 2 de decembro de 2006; D. Enrique Flores Lamas, que presta servizo, en réxime laboral, mediante contrato laboral indefinido/ non fixo, mediante contrato suscrito o 21 de novembro de 2011; Don Jesús Francisco Corredoira Ceide, que presta servizos, mediante contrato de duración determinada, modalidade de obra ou servizo determinado, dende o 31 de decembro do 2014 e Dona Vanesa Vilela Gómez, que presta servizos, mediante contrato de duración determinada, modalidade de obra ou servizo determinado, dende o 31 de decembro do 2014. Polo exposto, fórmulase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Interpoñer recurso potestativo de reposición contra a resolución de data 12 de decembro de 2018, ditada pola Xefatura Territorial en Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, para que, previa a tramitación que ordena a Lei, se dite nova Resolución anulando a impugnada, con retroacción das actuacións administrativas ao momento anterior á resolución, e resolvendo favorablemente a concesión de subvencións para a prórroga dos catro axentes de emprego e desenvolvemento local solicitados.

2º.- Aceptar a subvención acordada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria polo importe total de dezaoito mil novecentos vinte e sete con corenta e tres euros (18.927,43€), para a financiación dos custos laborais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos, derivados da prórroga da contratación de un axente de emprego e desenvolvemento local.

3º.- Ratificar a resolución da Presidencia pola que se dá continuidade a contratación de M. Carmen Lage Fernández, que xa ven prestando servizos nesta Entidade para este programa, axustándose a que é a AEDL con maior antigüidade no posto.

4º.- Remitir, dentro do prazo sinalado ao efecto pola citada Resolución, a documentación xustificativa ao obxecto da efectividade da subvención”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **7.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 265/2018-S.**

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 265/2018-S, interposto por D. José Miguel Traseira González, fronte á aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo desta Excm. Deputación Provincial publicada no BOP de Lugo nº 190 de 20 de agosto de 2018, en; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:



1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluída a compañía aseguradora se fora preciso.

#### **8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

#### **9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.